



Carta desde a banda da esperanza

Manuel Regal Ledo

1.- Negra sombra que nos asombra

Abrimos esta Crónica ás beiras xa de entrar na Semana Santa, lembranza sentida e solemne da morte inocente de Xesús e, coa súa, na súa, de todas as mortes inocentes que antes e despois del foron tecendo de negritude a nosa historia. Unha desas mortes foi a recente do picariño Gabriel Cruz Ramírez, da que se declarou autora Ana Xulia, parella actual, ata o presente, do seu pai. Aínda temos fresco o recordo de Diana Quer. E preguntámonos como é que poden pasar estas cousas, como é que unha mente humana pode chegar a perpetrar e executar tamañas animaladas, que con frecuencia sofren as persoas e os colectivos sociais máis fráxiles.

Ante iso a nosa reacción primaria adoita ser a dunha máis que razoable indignación e a dun desexo potente de que

as persoas que tal fan acaben os seus días entre rellas. O da prisión permanente revisable pódenos parecer o mellor para garantir, de entrada, que vaian pasar a vida encadeadas. E con iso as nosas apetencias humanitarias quedarían satisfeitas. E con iso pensamos que o problema se resolverá. E con iso quedámonos tranquilos.

Centrámonos na maldade da persoa, que certamente existe e merece castigo, corrección e rehabilitación. Pero que facemos coas familias e contextos sociais desestruturados nos que ás veces se crían persoas deste tipo? Que facemos co noso modelo de formación, totalmente orientado a producir e ganar cartos, pero no que nada se ensina para coñecerse, entenderse, manexar sentimentos e emocións, manexar fracasos, controlar apetencias? Que facemos cos modelos sociais de valores e comportamentos que ofrecemos á nosa

infancia e mocidade, a través dos variados medios de comunicación, dos personaxes que exaltamos, das metas que lles propoñemos, das cobizas que lles inoculamos, do consumo que lles fomentamos? Cando estas persoas ingresan en prisión, que recursos de rehabilitación se lle poñen ao alcance? Que atención médico-psiquiátrica especializada se lles ofrece? Que seguimento se lles fai?

No caso de aplicar a prisión permanente revisable, a quen teríamos que revisar? Soamente o individuo condenado, ou tamén a todos os factores que incidiron no delito e a todos os recursos que fan posible a súa recuperación? Cantas responsabilidades están en xogo e deberían entrar nesa revisión? Cubrimos esas responsabilidades simplemente alongando a condena? O Deus de Xesús é un Deus de perdón. Pero o seu perdón non é unha inxenuidade, aínda que ás veces así pareza entenderse e vivirse. O seu perdón é serio, ofrece e demanda corrección e rehabilitación. Ofrece e demanda que ninguén se lave as mans e se exclúa do complexo labor de reconstruír persoas e mellorar sociedades, ben que o

fagamos como persoas crentes ou como simple cidadanía.

Chamounos a atención a intensidade vindicativa, próxima ao linchamento, contra Ana Xulia. Chamáronnos aínda máis a atención as palabras da nai do neno morto, pedindo que non se espallasen mensaxes de odio e de rabia, para que non fose a asasina a que ocupase o centro; que dela se ocupe a xustiza, e que todos quedemos co positivo da inmensa onda de solidariedade que se creou ao redor do inocente Gabriel; que permaneza a bondade que florece en tanta xente boa como hai. Exemplar! E concordamos plenamente coas declaracións de Florencio Roselló, director do Secretariado de Pastoral Penitenciaria da CEE, cando afirma que a prisión perpetua revisable non reduce a violencia, e que «as peticións que se están oíndo, que se cadea perpetua, que se pena de morte (...) supón meterse nunha dinámica na que nos poñemos ao mesmo nivel que a persoa culpable destes delitos, a quen queremos axustizar. E a Igrexa non o aproba». Segue sendo profético o slogan de Concepción Arenal: «Odia o delito e compadece o delincente».

2.- Polo 8 de marzo, día da muller traballadora

Se o anterior tinguía de tristura e de preguntas o noso corazón, a nosa sensibilidade humana e cristiá, a folga e manifestación feminista do 8 de marzo en toda España alentaba a nosa esperanza cara á superación dun problema que segue estando vivo entre nós. A onda feminina que encheu rúas e prazas con aires festeiros e reivindicativos, apurrou os ánimos das mulleres –esperemos que tamén os dos homes– para lle ir poñendo fin a un mundo de inxusta desigualdade que aínda se dá entre nós á hora de equiparar respectos, méritos, oportunidades, traballos, salarios, recoñecementos entre homes e mulleres.

Falouse de manipulación política do feito, tanto por un lado coma polo outro; falouse dalgunhas consignas que para alguén desbordaban o común denominador feminista e respondían a opcións máis particulares; falouse dunha folga «pija», porque certamente eran moitas as mulleres novas e aínda rapazada, estudantes e non traballadoras, as que acudiron

a ela. Dígase o que se queira, o substancial do que se pretendía expresouse e chegou ao conxunto da sociedade: existe moita desigualdade por cuestións de sexo, pero existe conciencia da mesma e posiblemente vontade de lle poñer remedio. Veremos en que queda a cousa, veremos que medidas se toman. É posible que este empoderamento feminino sacuda modorras e permita dar pasos como o da actriz galega que denunciou a un cargo da TVG por coqueteos sexuais improcedentes; ou como o do fotógrafo e avogado asturiano Mario Díaz Fernández que, motivado pola data reivindicativa do día 8, decidiu-se a compartir abertamente un vídeo no que narra un escurísimo caso de pornografía infantil e de abusos sexuais a menores, nenos e nenas, protagonizado presuntamente por políticos, banqueiros, xuíces e empresarios, relato que todo o mundo debiamos escoitar (abonda con entrar en internet con «avogado Mario Díaz Fernández»). Polo que aí se di, a xustiza é moi sabedora diso, todos os medios de comunicación tamén, pero ninguén lle quere meter o dente. Canto contrasta a abafante

dedicación dos medios para seguir con minuciosidade casos como o do picariño Gabriel, e o silencio absoluto prestado a informes como a de Mario Díaz. Que diferenza de trato entre un cidadán normal e as persoas vinculadas ao poder!

Volvendo á folga feminista, coído que boa parte da Igrexa a secundou co corpo ou co espírito. Houbo declaracións previas de apoio, houbo ditos pintorescos coma o do cardeal Osoro cando afirmaba que a mesma Santa María iría á folga, e todos vimos ou soubemos de xente cristiá que estivo manifestamente promovendo e facendo a folga. Pero tamén sabemos de xente moi receosa que non a entendía, maiormente porque no paquete da folga había de todo e non con todo se estaba de acordo; ben, e a todos nos chegou a particular visión do bispo Munilla, vendo e esconjurando demos onde a maioría vía un significativo paso adiante. O feminismo é un signo dos tempos; un lugar forte de Deus en construción, que non está libre de contradicións; parécenos que ás veces desde a Igrexa non temos acertado na forma, no ton, para acompañar

ben esta realidade con empatía, con crítica, e deixarnos converter e enriquecer por ela.

3.- Un significativo comunicado conxunto

Todo veu a conto do pregón que Carlos Santiago pronunciou o 13 de febreiro para inaugurar as festas de entroido na cidade do Apóstolo. Algunhas frases, sen dicilo claramente, podíanse interpretar en sentido sexual, metendo polo medio a Santiago e a Santa María do Pilar de Zaragoza. A cousa indignou abondo, ata o punto que o arcebispo de Santiago promoveu un acto solemne de desagravio na catedral compostelá, ao que asistiu moitísimo público.

Coincidindo no tempo con isto, comunicóuselle a un mozo de Xaén a resolución xudicial que o condenaba ao pago dunha multa de 480 € por subir a Instagram unha montaxe do Cristo da Amargura, o Despoxado, co rostro do mesmo rapaz que levaba un brinco ou aro no nariz. A cousa abofé que non desentobaba moito, Xesús non deixou de identificarse coa xente marginal, e ademais o rostro tiña un aquel mesmo piadoso; pero o

do brinco non debeu convencer aos señores da Confraría correspondente, que, despois de avisar o rapaz para que o baixase de Instagram e non ser atendidos, presentaron denuncia por sentirse feridos nos seus sentimentos relixiosos.

Supoñemos que a conta de todo isto, e posiblemente doutras historias pasadas, o 20 de febreiro a Federación de Comunidades Xudías de España, a Conferencia Episcopal Española, a Comisión Islámica de España e a Federación de Entidades Relixiosas Evanxélicas de España, fixeron público un comunicado breve, esquemático, de sete puntos, digno de ser lido, mostrando a súa preocupación e mágoa polas repetidas ofensas aos sentimentos relixiosos da xente, apostando por unha convivencia respectuosa con todas as diferenzas, queixándose dun trato discriminatorio a este respecto e comprometéndose a seguir traballando pola paz, pola tolerancia, pola integración e a convivencia en liberdade.

O documento resulta significativo porque, que saibamos, é a primeira vez que o conxunto das institucións relixiosas de

máis peso en España teñen feito algo así. Cremos que na nosa sociedade non se ten dado unha reconciliación a fondo entre o relixioso e o non relixioso; seguimos sendo herdeiros de pasados acedos nos que tampouco os crentes soubemos estar no noso sitio; moitas persoas lexitimamente non crentes, con malicia ou sen ela ou por pura rexouba, ás veces fan e din cousas, aínda que sexa amparadas polo dereito de libre expresión, que non axudan a integración, e aos crentes ás veces tamén nos falta esa vontade de tolerancia, de integración e de gusto pola convivencia co distinto, á que alude o mesmo comunicado.

Moito mellor, desde logo, un documento así ca non unha denuncia xudicial que acaba encirrando e non acalmando. Moito mellor un documento así —pensamos— que non un solemne desagravio, no que é difícil liberarse da sobreactuación; máxime cando non facemos cousas semellantes ante sucesos que feren a nosa conciencia cristiá, porque afectan a xente empobrecida, tal como foi o caso que hai uns días protagonizaban nunha cidade galega 15 gardas civís sacando á forza da

súa vivenda a unha mulleriña de 85 anos, que fora desafuzada. Pero, en fin, cada quen ten os seus criterios.

4.- Seminarios, de que?

Acabamos de celebrar o día de san Xosé, e, na mesma data, o día do Seminario, que este ano leva por lema: «Apóstolos para a mocidade». Boa ocasión para botarlle unha ollada á situación dos seminarios das cinco dioceses galegas. E estes son os datos recollidos. Actualmente hai seminarios menores e maiores en todas as dioceses galegas, agás na de Mondoñedo-Ferrol, que ten ambos pechados por non ter número suficiente de seminaristas. Esta diocese ten 7 seminaristas menores e 1 maior nos seminarios correspondentes de Lugo; ademais ten 3 seminaristas maiores, de primeiro ano, de orixe estranxeira, residindo no seminario de Ávila e asistindo a clases en Salamanca. Hai 3 anos que se ordenou o último sacerdote.

A diocese de Santiago ten seminario menor cun grupo duns 60-70 alumnos en réxime residencial ou medio residencial; no seminario maior ten 27 se-

minaristas, aos que se suman 8 máis pertencentes á orde relixiosa dos Somascos, que residen na súa vivenda propia; os seminaristas son os máis deles galegos, pero tamén os hai de Latinoamérica, de África. O ano pasado ordenáronse 3 sacerdotes. Estudan loxicamente no Instituto Teolóxico Compostelán, dependente da Universidade Pontificia de Salamanca.

A diocese de Tui-Vigo ten no seminario menor a 35 rapaces. Os da ESO cursan no propio seminario. Nos últimos 4 anos só un rapaz pasou do seminario menor ao maior. No seminario maior hai actualmente 6 alumnos; este curso incorporouse 1 seminarista. No último ano non houbo ordenacións. Os estudos fanos no Instituto Teolóxico San Xosé, vinculado á Universidade Pontificia de Salamanca. A liturxia das Horas fana en galego. A formación é 50 % en galego. Actualmente non se fai problema polo uso do galego.

Os seminaristas menores da diocese de Ourense son 45 en réxime de internado e 58 en réxime de externado. No curso pasado non pasou ningún alumno do menor ao maior. No semina-

rio maior estudan 15 alumnos, deles 8 son diocesanos e 7 pertencen ao seminario *Redemptoris Mater* do Camiño Neocatecumenal, que teñen o seu propio seminario na casas reitoral de Castro de Beiro; estes forman unha comunidade de 11 seminaristas máis un formador, que é diácono, e o reitor; 2 deses 11 seminaristas van tamén ao seminario menor. Hai un acordo entre a diocese e o Camiño Catecumenal, de xeito que, cando algún destes se ordena, durante dous anos debe prestar servizo na diocese; despois están á disposición da propia institución. O ano pasado ordenáronse 2 curas diocesanos.

Por último a diocese de Lugo ten no seu seminario menor a uns 40 alumnos, dos que 7 son de Mondoñedo. No seminario maior hai 10 alumnos, un deles da diocese de Mondoñedo, e 6 pertencen ao Camiño Catecumenal, que residen en distintos fogares de xente afín a esa institución relixiosa. Estase barallando a posibilidade de que, reformando a antiga casa diocesana de exercicios, unha parte da mesma se destine a seminario do Camiño Neocatecumenal. Os grupos neocatecume-

nais están empezando a facerse presente en varias parroquias da cidade. En Lugo teñen un diácono para ordenar de cura.

En resume 258 alumnos nos seminarios menores e 61 nos maiores, dos que 13 pertencen ao Camiño Neocatecumenal.

Que valoración facer destes datos? Chama a atención o escaso número de seminaristas maiores, algo compensado en Santiago, pero téñase en conta que Santiago é a diocese máis grande en extensión e en concentración de poboación, con tres cidades importantes: A Coruña, Santiago e Pontevedra, e con vilas costeiras moi poboadas. O caso de Mondoñedo-Ferrol, ou mesmo os de Tui-Vigo e Lugo, son de verdadeira alarma, se a esta escaseza de clero para a substitución lle sumamos a elevada idade media do clero.

Loxicamente, por moito que se esforcen os responsables correspondentes, é moi difícil que con ese número de seminaristas, distribuídos logo polas diferentes clases para as diferentes materias, se dea conseguido unha motivación no alumnao para se formar e no mesmo profesorado para garantir a súa

formación. Quen máis quen menos temos pasado por situacións parecidas, e sabemos o que dan de si.

A presenza de vocacións de procedencia estranxeira moi diversa e de institucións relixiosas como a do Camiño Neocatecumenal, ao tempo que esperta o soño de poder aliviar algo a situación, xera tamén importantes preocupacións. O feito ten dado pé a debates entre os mesmos bispos, porque no segundo caso son grupos que dependen de autoridades extradiocesanas, que xeralmente crean problemas á hora de inserirse na dinámica diocesana, cando o fan.

En xeral predomina nos nosos seminarios unha tendencia conservadora. Se pensamos que a crise eclesial pola que estamos pasando non é só cuestión de números, senón tamén de capacidade para liderar novas alternativas evanxelizadoras, é difícil pensar que a cousa poida mellorar, porque dun pensamento conservador o normal será –salvo anomalías do Espírito, que se dan– que se deriven prácticas conservadoras, é dicir, unha pastoral que continúe co simple mantemento.

Unha papeleta nada doada a que temos por diante todo o conxunto da Igrexa. Na última reunión da Comisión Permanente da CEE dos pasados 27-28 de febreiro abordouse o tema, e de novo se volverá ao mesmo na Asemblea Plenaria da CEE de finais de abril. Enriba da mesa da CEE está promover unha cultura vocacional –levamos décadas con esta teima–, e está tamén o de ir pensando en seminarios interdiocesanos, que entre nós, en Galicia, tiveron unha fugaz presenza nos tempos de Suquía, pero polos que tristemente non se quere apostar. Parécenos que sería un primeiro paso imprescindible para economizar recursos humanos e materiais, para garantir un clero mellor formado, máis capaz de darlle cara ao tremendo desconcerto e reto eclesial que se nos vén enriba, e para coller conciencia de Igrexa asentada nun determinado territorio que de múltiples maneiras debería condicionar a práctica evanxelizadora. Dubidamos que o modelo de seminarios que seguimos mantendo responda aos tempos novos que se nos anuncian, que claman por unhas comunidades baseadas nas

capacidades e responsabilidade de todos os seus compoñentes, homes e mulleres, e na capacidade para suscitalas e animalas de líderes que posiblemente, co tempo, non terán por que ser unicamente cregos, non terán por que ser unicamente homes. O papel necesario, mesmo imprescindible do crego, deberá reformularse.

Volvendo, logo, ao título deste apartado da Crónica: Seminarios, de que? Que sementes estamos a botar, que plantas van saír de aí, que animadores comunitarios, para que tipo de comunidades cristiás estamos formando, para que tipo de Igrexa?

5.- Exemplos nos que nos poder ollar

Pero non todo é negativo, nin moito menos, na práctica comunitaria que se está levando nas nosas parroquias. Recente-mente puidemos coñecer dúas experiencias comunitarias nas que paga a pena reparar, porque pola súa mesma existencia nos permiten afirmar que as cousas se poden facer doutra maneira, e de que existen propostas, persoas e recursos que o posibilitan. Referímonos por unha parte

á Unidade Pastoral de Os Cotos en Fornelos de Montes, Pontevedra, e á parroquia de Santa Mariña de Chantada, Lugo.

A Unidade Pastoral de Os Cotos de Fornelo de Montes leva funcionando desde o ano 2004. Unha zona de media montaña equidistante de Pontevedra e Vigo, pero rural. 10 parroquias que cubrían distancias de máis de 30 quilómetros. Dous curas que se poñen á fronte, Gonzalo Domínguez e Xosé Manuel Lence. E, despois dun período longo, 6 anos, de encontros semanais de reflexión e de oración coa veciñanza, deciden dar o paso cara a unha reestruturación da atención relixiosa da unidade pastoral, que denominarán Os Cotos, nome xenérico que non levaba ningunha das parroquia que nelas se integra. Concéntrase o culto nalgúns ocasións (especialmente a celebración da Pascua) en Fornelos, a capitalidade do Concello, fórmase grupos de laicos e laicas en cada parroquia para responsabilizarse de celebracións cando o cura non asiste, respéctase a práctica relixiosa en cada parroquia, concéntrase a catequese, dótase a Unidade Pastoral dun fondo económico

coas achegas anuais de cada parroquia, créanse materiais litúrxicos e catequéticos apropiados, créase tamén unha revista parroquial en liña, que tamén se espalla en papel,... e máis cousas que se nos pasarán. Todo en galego, pois galegofalante é a práctica totalidade da xente veciña. Todo co intelixente emprego de recursos informáticos. Parece un milagre, e éo, daquela maneira, pero aí está. Quen o queira pode achegarse a esta experiencia visitándoa, ou simplemente entrando en internet por *Os Cotos.eu*, onde se fai unha minuciosa descrición do proceso e da realidade actual. Unha páxina Web con moito contido, actualizada, onde se pode ver o corpo e a alma cotiá desta Unidade Pastoral.

A parroquia de Santa Mariña de Chantada gozou unha forte transformación coa chegada do novo crego Manuel Areán en febreiro do pasado ano. A parroquia de Chantada, e con ela toda a súa comarca, estaba sendo atendida por un grupo de curas meritorios, pero moi anciáns. Manuel é un crego de mediana idade que proviña de San Clodio de Ribas de Sil. Un crego sinxelo, dinámico,

convencido, que cre no transmite e que transmite con convicción o que cre. Sen grandes revolucións, hoxe isto, mañá aquilo, foi conseguindo, nun só ano, darlle unha nova cor e unha nova calor á vida relixiosa da parroquia; cambia formatos externos, pero modifica tamén actitudes e contidos. Converte unha catequese exánime nun grupo abundante de rapazada que está activa e participadora. Por aquí e por alí empezan a aparecer persoas adultas que se senten provocadas á participación e a prestar as súas habilidades para a boa marcha da parroquia; forman un coro para nenos e nenas, axilízanse as celebracións, para as que instalou unha pantalla na que aparecen cantigas e mesmo imaxes, *power point*, acompañando os momentos da celebración e a predicación. Estase introducindo o galego con decisión como lingua normalizada nos diferentes momentos da vida eclesial. Tamén aquí se bota man dos recursos informáticos, a parroquia ten unha páxina Web moi ben abastecida, diariamente actualizada. Hai que ir empezando por algo, di o crego Manuel. A comunidade manifesta estar moi contenta

e motivada. O que era unha vida relixiosa en decadencia, sen relevancia social, sen perspectiva, estase a converter en algo atraínte, que merece as chufas, que permite soñar. Tamén a esta realidade nos podemos asomar, visitándoa en vivo, visitando a súa páxina web (Parroquia de Santa Mariña de Chantada), paga a pena.

Un apunte máis. Chama a atención a importancia que reciben nestas dúas experiencias os modernos medios de comunicación para o mantemento da comunidade, para o espallamento do Evanxeo. Manuel Areán vai máis alá e non dubida en afirmar expresamente: hai unha parroquia localizada en Chantada, pero traballamos ademais na perspectiva dunha parroquia virtual á que tamén queremos servir. Noutros tempos, a palabra ben dita, ben proclamada, –sermonada–, era o gran instrumento de comunicación relixiosa, e no currículo clerical non faltaba a materia de oratoria, que se coidaba de forma teórica e práctica. Hoxe, descritos con razón dos grandes sermóns, pasámonos de raia, e con tristeza se comproba o escaso dominio de técnicas elementais de comunicación

verbal de moitos axentes de pastoral. Estúdase hoxe a importante materia de comunicación? E, a maiores, o éxito das novas experiencias fálannos da importancia dun dominio regular dos novos medios de comunicación para poder chegar ben á xente de hoxe.

6.– Xentes de aquí e de acolá

Co permiso de Álvaro Cunqueiro, empregamos o título do seu libro para encabezar un breve listado de persoas e/ou eventos que nos parecen moi dignas de ser, cando menos, citadas.

Empezamos polo mesmo Papa Francisco, do que celebramos xa o seus cinco anos de exercicio de pastor universal da Igrexa Católica. Ao noso ver, ao ver de moita xente de Igrexa e de non Igrexa, un papado que alivia e alenta. Non todos o cren así. Alá eles. Que sexan varios quinquenios máis, con saúde e con forza!

Pedro Casaldáliga, bispo catalán, asentado no Mato Grosso, Brasil, que vén de celebrar 90 anos cheos de fe, de aposta profética por un pobo asoballado, de poesía relixiosa fervente.

A canta xente nos ten alentado, corrixido, acompañado!

Elías Yanes Álvarez, arcebispo emérito de Zaragoza, que morreu o 9 de marzo con 90 anos tamén. Presidente da CEE do 1993 ao 1999. Representante dunha Igrexa posconciliar que se empeñou por abrila a uns novos tempos sociais e democráticos.

Raimon Panikkar, do que no 2018 se celebra o centenario do seu nacemento co así chamado «Año de Panikkar», durante o cal se desenvolverán diferentes actos para conmemorar a esta excepcional figura intercultural. Entre outras cousas continuárase coa edición da súa obra completa, labor no que está tendo importante responsabilidade o noso compañeiro de consello de redacción Victorino Pérez Prieto.

O padre Cristóbal López Romero, salesiano, que o 10 de marzo foi ordenado arcebispo de Rabat, en Marruecos, nun medio musulmán, chamado a testemuñar a Cristo sinxelamente coa vida e co servizo. Bo compañeiro e continuador, seguro, do noso benquerido monseñor Agrelo, arcebispo de Tánxer, tamén en terras marroquís.

Manuel (Faustino) Míguez, que naceu no 1831 en Xamirás, Acebedo do Río, Celanova, estudou na colexio dos Milagres en Maceda, Ourense, onde prendeu nel a vocación das escolas pías, e profesa como escolapio. Dedicase á bioloxía, materia na que chegará a ser un notable e creativo especialista; pero fixose tamén un especialista en solidariedade. En Cádiz, a onde fora destinado, comproba que as rapazas non tiñan acceso á educación, razón pola que se empeña en fundar unha congregación feminina que se ocupe da educación integral da infancia e mocidade feminina e da formación das mulleres. Farao no ano 1882 co nome de Instituto Calasancio Fillas da Divina Pastora. Morre aos 94 anos no 1925. Foi canonizado no outono pasado. No deambulatorio da catedral de Ourense dedicóuselle unha capela absidal. O 8 de marzo houbo unha cerimonia relixiosa especial, co gallo da entronización dunha imaxe súa na igrexa parroquial de Acebedo do Río. As Calasancias atenden no barrio do Couto, en Ourense, un colexio para a atención de nenos e nenas empobrecidas. «Como escolapio son do pobo e para o

pobo», gustaba de dicir o noso novo santo ourensán e galego.

Cáritas de Galicia, é dicir, centos de homes e mulleres galegas, que o día 6 de abril, aniversario da promulgación do Estatuto de Galicia, recibirán a medalla do Parlamento de Galicia xuntamente con Aldeas Infantís SOS Galicia e con COGAMI (confederación galega de persoas con discapacidade), «convencido da necesidade de recoñecer publicamente desde a primeira institución da Comunidade o labor das institucións e organizacións que traballan no ámbito social e prestan apoio ás persoas vulnerables» —afirma o presidente do Parlamento Galego, Miguel Anxo Santalices.

A revista «*Catalunya Cristiana*», semanario de información e cultura relixiosa, que, como Encrucillada, acaba de celebrar no setembro pasado o 40 aniversario da súa fundación (29.10.1979). Botárona a andar os cregos Joan E. Jarque e Francesc Malgosa. Editada en catalán e castelán, con 3.500 subscritores, 2002 números xa ao lombo, traballou sempre por un entrecruce actualizado entre fe e catalanidade. Loxica-

mente sempre recibiu o apoio da Igrexa catalá.

E, aínda que sexan ou non de matrícula cristiá —pero si que beben do espírito solidario—, como representantes de tantas mulleres loitadoras, humanistas a tope, crentes, seguro, aínda que o sexan ao seu xeito, queremos citar por unha banda a activista brasileira Marielle, asasinada o 3 de marzo por ser activista dos dereitos humanos, por defender os dereitos das mulleres e da poboación negra das zonas máis empobrecidas de Río de Xaneiro. Nos albores da Pascua, outro anaco de Cristo morto e resucitado. E, pola outra, o grupo «*Malen etxea*» (malen, muller en mapuche; etxea, casa en euskera; casa da muller, logo), de quen oímos falar con chufas no País Vasco, unha organización de mulleres suramericanas do servizo doméstico, desas que por 600-700 euros pasan día e noite acompañando entre outras a xente moi maior, enferma; sen vida propia, lonxe da familia, sen dereitos laborais, agarrándose ao que poden. Unha cara oculta, escura, deste primeiro mundo que se enche de fachenda falando de dereitos humanos, e que mesmo non re-

cea en volveuse contra tanta inmigrante noxenta. E son elas en tantos casos as que nos acaban limpando o cu a nós!

E máis nada. Que nos medre a paz, a ledicia, a forza ao pé de

Cristo resucitado e de tantas testemuñas súas que a vida gratuitamente vai poñendo ao noso dispor. Feliz Pascua de Vida e Resurrección.

Manuel Regal Ledo